

---

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 15 de decembro de 2015

---

### Asistentes:

Pita Grandal, Ana María  
Allegue Aguete, Pilar  
Aneiros Pereira, Jaime  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Fernández Acevedo, Rafael  
Torres Pérez, Francisco

Arias Martínez, María Antonia  
Barahona Martín, Magdalena  
Domínguez Rubira, Carmen  
Estévez Táboas, Teresa  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Fernández Docampo, M<sup>a</sup> Belén  
Fuenteseca Degeneffe, Margarita  
Mariño de Andrés, Ángel  
MMuleiro Parada, Luis Miguel  
Orge Míguez, José Carlos  
Rodríguez Damián, Amparo  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar

Jiménez Alemán, Aday  
Montesinos Padilla, Carmen

Docampo Dorado, Lía  
Fernández García, Heitor  
García Espadín, Desirée  
Gil Vázquez, Zulema  
González Fontán, Carla  
López Troncoso, Tamara  
Pino Suárez, Óscar  
Rivera González, Paula  
Vázquez Fernández, Roberto  
Vilas Pérez, José Ramón

López Prieto, Nieves  
Ramil Vázquez, Paula

---

Campus universitario 36310 Vigo España	Tel. 986 814 010 Fax 986 814 011	cienciasxuridicasedotraballo. webs.uvigo.es decanatoxuridicas@uvigo.es
--	-------------------------------------	--

O 15 de decembro de 2015 ás 12:30 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

---

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, dunha modificación dos horarios do programa da simultaneidade ADE-Dereito.
4. Aprobación, se procede, dos informes de acreditación e PAM definitivos do Grao en RRLLE e RRHH e do Máster en Avogacía.
5. Aprobación, se procede, dos autoinformes de seguimento e PAM definitivos do Grao en Dereito, do Máster en Xestión e Dirección Laboral e do Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social.
6. Aprobación, se procede, do Informe de revisión pola dirección (antigo Informe anual de resultados).
7. Adopción de acordos, se procede, en materia de Calidade.
8. Aprobación, se procede, dos axustes do plano de estudos da simultaneidade ADE-Dereito.
9. Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios).
10. Autorización, se procede, para a gravación nas instalacións da Facultade dun proxecto de final de curso.
11. Rolda aberta de intervencións.

## **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

En relación coa Acta da sesión anterior (1 de decembro de 2015) a secretaria pon de manifesto os seguintes erros:

- na páxina 3 no punto 5 da orde do día, onde di: "Se aprueban por asentimiento, los informes y PAM provisionales que figuran en el Anexo III", debería dicir: "Se aprueban, por asentimiento, los documentos referidos tal y como fueron enviados a los miembros de la Junta y se encuentran en la sede del Decanato".
- na páxina 4, no punto 7 da orde do día, onde di "Anexo IV", debería dicir "Anexo III", no punto 8 da orde do día, onde di "Anexo V", debería dicir "Anexo IV", e no punto 11 onde di, "Anexo VI", debería dicir "Anexo V".
- as páxinas 34 e 36 contén un contido repetido polo que é necesario eliminalas.
- na páxina 37, en lugar de "Anexo VI", debería pór "Anexo V".

Apróbese a acta, por asentimento, coa corrección dos erros no sentido apuntado.

## 2. Informes da Sra. Decana.

A Sra. Decana informa das seguintes cuestións:

- Escusan asistencia Dna. Regina Ibáñez Paz, Dna. Mónica García Freiría, D. José Carlos Abreu, Dna. Helena Martínez Hens, e D. Pablo Grande Seara.

- A Decana informa de que se renovaron os membros electos á Xunta de Facultade nos sectores de PDI non permanente, PAS e estudantes, e da a benvinda ós novos integrantes da Xunta.

- A Decana explica que foi comunicada ó centro a cifra do orzamento para o ano 2016 e puntualiza que aproximadamente 12.0000 euros proceden do aforro en consumo enerxético no exercicio 2015, cantidade que se vai a destinar á adquisición de libros.

- A Decana informa dun proxecto de orzamento para o próximo exercicio no que basicamente se reduciu a cantidade destinada a reparacións (de 40.000 a 25.0000 euros), e que máis adiante, traerase a unha Xunta, para a súa aprobación, o orzamento detallado.

- A Decana explica que proximamente se abordará a cuestión dun sistema de control da impartición da docencia por parte do profesorado a través dun sistema electrónico, dado que a administrativa do Decanato dedica moito tempo á elaboración dos partes.

- A Decana informa de que o Decanato estudiará un novo sistema de distribución dos TFGs entre o profesorado. Explica, ademais, que interveu no Claustro explicando a súa oposición á redución do recoñecemento docente por dirección de TFGs que previsiblemente terá lugar o próximo ano, puntualizando que esta tarefa é labor docente, polo que no debería recoñecerse do mesmo xeito que se recoñecen as tarefas relacionadas coa xestión.

Tamén en relación con este punto, o alumno Roberto Vázquez pregunta cando se vai a citar ó alumnado para a elección dos TFGs o que a Decana responde que se acaba de comunicar esta cuestión por FAITIC.

O prof. Orge Míguez maniféstase de acordo con todo exposto e explica que debería pensarse nos TFGs como unha materia que o alumnado debe superar.

Seguindo con este tema a Decana informa que onte aprobáronse distintos calendarios para a elaboración dos TFGs correspondentes a diversas convocatorias.

## 3. Aprobación, se procede, dunha modificación dos horarios do programa da simultaneidade ADE-Dereito.

A Decana explica que a profesora de Dereito Penal, Marta García Mosquera detectou que na Xunta de Facultade na que se modificaron os horarios non se levou, como documentación, unha modificación que afecta a unha materia que imparte e que era preciso realizar. Se trata da necesidade de modificar o horario da materia de "Dereito Penal I", que se impartirá os luns de 12.15 a 14.00, no lugar que ocupaba a materia "Dereito Internacional Público", que pasará a impartirse os martes de 12.15 a 14.00.

Apróbese, por asentimento, a modificación referida.

#### **4. Aprobación, se procede, dos informes de acreditación e PAM definitivos do Grao en RRLL e RRHH e do Máster en Avogacía.**

A Decana agradece o traballo realizado polos coordinadores das titulacións, e en particular, ós coordinadores dos Másters en Avogacía que se teñen que coordinar cos coordinadores da Facultade de Dereito de Ourense. Ademais fai referencia a necesidade de acreditar o título de RR.LL o próximo ano, e agradece, en particular o traballo realizado polo vicedecano Rafael Fernández Acevedo, coordinador do Grao en RR.LL.

Apróbanse, por asentimento, os informes referidos tal e como foron enviados ós membros da Xunta e se atopan na sede do Decanato.

#### **5. Aprobación, se procede, dos autoinformes de seguimento e PAM definitivos do Grao en Dereito, do Máster en Xestión e Dirección Laboral e do Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social.**

A Decana cede a palabra ó Vicedecano Franciso Torres Pérez quen explica que neste caso non hai autoinforme, pois non é obxecto de acreditación, e que o punto clave é o plan de acción de melloras, que implicou moito traballo, sobre todo para a profa. Carmen Ruiz Hidalgo, que como indicou antes a Decana, ten que coordinarse coa Facultade de Dereito de Ourense. O Vicedecano engade que as outras coordinadoras tamén traballaron arreo nestes planes de mellora, en relación ó traballo desenvolvido no Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social e no Máster en Xestión e Dirección Laboral.

A Decana explica que se conseguimos acreditar os títulos, o centro estará acreditado, con independencia de que o sistema de acreditación é un proceso de traballo continuo que no se pode desatender.

Apróbanse, por asentimento, os documentos referidos tal e como foron enviados ós membros da Xunta e se atopan na sede do Decanato.

#### **6. Aprobación, se procede, do Informe de revisión pola dirección (antigo Informe anual de resultados).**

Apróbase, por asentimento, o Informe referido tal e como foi enviado ós membros da Xunta e se atopa na sede do Decanato.

#### **7. Adopción de acordos, se procede, en materia de Calidade.**

A Decana explica que quere manifestar o agradecemento público ó administrativo que estivo traballando ata agora a xornada completa no Decanato en cuestións de calidade, D. Ángel Rodal Broullón, que traballou de maneira moi intensa, así como ós bolseiros de calidade que, son en realidade, contratados con contratos precarios. A Decana pon de manifesto a boa vontade dos dous bolseiros: D. Isaac Borja Araújo e D. Agustín Francisco Bargiela. Así mesmo, explica o seu descontento coa nova RPT que está a ser obxecto de negociación, según poido saber con motivo da súa asistencia ó Claustro da Universidade.

En vista das consideracións expostas, e en particular, advertindo a urxente necesidade de que se dote ó centro de persoal funcionario ou laboral, non bolseiros, para o desenvolvemento das tarefas de apoio a títulos do Centro e á área de Calidade, a Decana solicita á Xunta a adopción dun acordo unánime para remitir ós servizos centrais da Universidade. A Xunta, en consecuencia, acordou de

Campus universitario 36310 Vigo España	Tel. 986 814 010 Fax 986 814 011	cienciasxuridicasedotraballo. webs.uvigo.es decanatoxuridicas@uvigo.es
--	-------------------------------------	--

xeito unánime, solicitar á Reitoría que dote ó centro de forma urgente para o ano 2016 de persoal, aínda que sexa por período determinado, para as tarefas de apoio a títulos do Centro e á área de Calidade, porque doutro xeito o Decanato non poderá asumir tódalas devanditas tarefas.

#### **8. Aprobación, se procede, dos axustes do plano de estudos da simultaneidade ADE-Dereito.**

A Decana explica os motivos dos axustes propostos, explicación que se atopa no Anexo I do documento que se enviou ós membros da Xunta. Puntualiza a Decana que se trata dun programa de estudos de simultaneidade, e non dun plan de estudos.

Apróbanse, por asentimento, os axustes referidos tal e como foron enviados ós membros da Xunta e se atopan na sede do Decanato.

#### **9. Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios).**

A Decana informa que algunhas solicitudes foron realizadas por membros desta Xunta. Tal é o caso das solicitudes presentadas pola profa. Magdalena Barahona Martín, o prof. Ángel Mariño de Andrés, e a profa. María Teresa Martínez Táboas, presentes todos eles na Xunta o que é agradecido pola Decana. Outras solicitudes foron feitas por outros profesores con dedicación parcial no Centro, como é o caso dos profesores Fidel Castro Rodríguez, María Jesús Fernández Arias, Carlos De Miguel Palacios, Pilar Piñeiro García, Belén Sánchez Ramos, María de las Mercedes Vila Alonso.

A Xunta de Facultade acordou informar favorablemente da actividade docente realizada por tódolos solicitantes no Centro.

#### **10. Autorización, se procede, para a gravación nas instalacións da Facultade dun proxecto de final de curso.**

A Decana explica que un grupo de estudantes da Escola de Imaxe e Son de Vigo solicitou a colaboración do noso Centro para gravar nas súas instalacións unha curtometraxe. O Decanato fixo unha consulta á Secretaría Xeral para que indicase se isto é posible. A Secretaría Xeral entende que non estaría de máis que a Xunta de Facultade autorizase a gravación. A Decana explica que o acordo de autorización da Xunta atinxe soamente á utilización do edificio (uso de aulas baleiras, por exemplo) e que se os estudantes desexan gravar a algún estudante, profesor ou PAS, deben solicitar autorización específica por escrito. Engade que se lles pedirá o guión.

Apróbase, por asentimento, a autorización devandita.

#### **11. Rolda aberta de intervencións.**


A alumna Lía Docampo explica que en FAITIC non figura, aínda, a oferta de TFGs polo que solicita que se envíe por mail.

O profesor Orge pon de manifesto o problema coas enquisas que non se realizaron en moitas materias. A Decana explica que o problema se debe a que o servizo de enquisas se externalizou e que a finais de novembro o director da área de Calidade explicou que a empresa das enquisas non firmara aínda o contrato polo que as enquisas non poderían ser feitas antes do 4 decembro, case a

piques de terminar o período de docencia para as materias do primeiro cuadrimestre. A Decana comunicou ó director da área de Calidade que lle proporía unha data alternativa, a partir do 20 de xaneiro, tendo en conta que tería que ser un venres ou pola tarde, e que os alumnos, matriculados en materias do primeiro cuadrimestre, terían que vir a facer a enquisa de modo voluntario e que os profesores terían que facer as observacións que lle correspondan.

Non habendo máis intervencións, a Decana desexa a tódolos membros da Xunta un bo Nadal e un feliz 2015, informando que se achegará ó profesorado e ó PAS un presente promocional da Facultade e outros detalles.

Sen que haxa máis intervencións, levantase a sesión ás 14.00 do que, como secretaria, dou fe.



A SECRETARIA

MARIA CRUZ BARREIRO CARRIL